



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Xullo 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	191.478	5,6%	380.660	5,2%	1,99	-0,4%	61,96%	2,77
PENSIÓNS	73.839	-7,7%	117.468	-4,6%	1,59	3,4%	45,13%	-4,16
ESTAB. HOTELEIROS	265.317	1,5%	498.128	2,7%	1,88	1,2%	56,95%	0,62
APTOS. TURÍSTICOS	14.229	6,5%	38.949	9,9%	2,74	3,1%	36,79%	0,37
CAMPINGS	40.619	29,6%	136.981	30,5%	3,37	0,6%	42,80%	8,66
TURISMO RURAL	9.570	-5,5%	20.154	-10,6%	2,11	-5,4%	43,99%	4,41
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	64.418	17,5%	196.084	20,3%	3,04	2,4%	-	-
TOTAL	329.735	4,3%	694.212	7,1%	2,11	2,7%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de xullo preto de 330 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 694 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que superan os niveis do mesmo período do pasado ano. En particular, crece o número de noites un 7,1% grazas ao crecemento da cifra de viaxeiros aloxados -do 4,3%- nun contexto de certa mellora da estadía media.
- Con este comportamento A Coruña mantén o comportamento positivo da demanda observado nos tres últimos meses, e tamén en xaneiro e febreiro, coa única excepción do descenso rexistrado en marzo. Son, por tanto, catro meses consecutivos -e seis no que vai de ano- de dinámica positiva. Neste punto o comportamento de A Coruña sitúase no contorno da media do conxunto de Galicia.
- Co 36% do total da comunidade A Coruña é a segunda provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de xullo. Ocupa este posto por vez primeira neste ano, por detrás de Pontevedra, despois de nove meses consecutivos liderando o mercado turístico na comunidade. Tal circunstancia é propia, en realidade, dun mes de temporada alta -e así aconteceu tamén no terceiro trimestre do pasado ano 2024- pois nas temporadas media e baixa é sempre A Coruña a provincia de maior volume e peso en Galicia.
- O comportamento positivo da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos crecementos observados en tres tipoloxías de aloxamento. En particular, sobe o volume de noites un 5% nos hoteis, un 10% nos apartamentos turísticos e nun 30% nos cámpings. Descende a demanda, en cambio, nas pensións -un 5%- e nos aloxamentos de turismo rural -un 11% neste caso-.



- Neste contexto apréciase que A Coruña é a única provincia con comportamento negativo das pensión -circunstancia que xa aconteceu en meses anteriores- e, en paralelo, a que presenta maior taxa de crecemento nos cámpings.
- En A Coruña o 72% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 55% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 28% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso superior para os cámpings –absorben o 20% do total sendo a segunda tipoloxía de maior volume- e algo inferior para os apartamentos turísticos –do 5,6%- e os aloxamentos de turismo rural –co 2,9% do total neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada alta e cambia en relación á observada en temporada media e baixa no sentido de que gaña peso o segmento non hoteleiro e, sobre todo, os cámpings. Con todo, os hoteis continúan liderando o mercado turístico na provincia absorbindo máis da metade das noites.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 69% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón tan só o 14%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento que representa o 55% do total da demanda-. O 31% restante corresponde ao turismo internacional, segmento que unha vez máis supera ao interno.
- Con esta distribución apréciase que en realidade o 86% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia.
- Neste ámbito concreto obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes increméntase o turismo interno –nun 8% o número de noites- así como o receptor –nun 1% aquel de orixe nacional e nun 4% o internacional-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. Ao mesmo tempo sitúase como unha das provincias con menor peso do mercado receptor nacional –o turismo procedente do resto do Estado-, co 55% do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 50% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Así, o crecemento global observado nesta tipoloxía débese á dinámica positiva dos dous grandes segmentos de mercado –neste mes increméntase nun 11% o turismo de ámbito nacional e nun 6% o internacional-.
- Con 2,1 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, superando nun 2,7% o dato do pasado ano. Fica por debaixo da cifra rexistrada en Pontevedra, superando en dúas décimas o valor de Lugo.



- Os cámpings –con 3,4 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por encima das dúas noites –con 2,7 noites os apartamentos turísticos, 2,1 noites os aloxamentos de turismo rural e xustamente 2,0 noites os hoteis- agás as pensións –modalidade que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta con 1,6 noites de media-.
- En termos comparativos os cámpings da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.
- En termos de ocupación rexístrase unha evolución algo diferente ao observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en tres tipoloxías: en case tres puntos nos hoteis, en algo máis de catro puntos nos aloxamentos de turismo rural e en máis de oito puntos nos cámpings –na primeira e última como consecuencia dun bo comportamento da demanda, mais no caso de turismo rural por unha caída da oferta superior en intensidade ao descenso do número de noites-.
- O nivel de ocupación mantense estable, en cambio, nos apartamentos turísticos –por un comportamento parello en intensidade da oferta e da demanda- e descende unicamente nas pensións –en catro puntos neste caso-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 62,0% de media. As demais tipoloxías fican por encima do 40% –cun 42,8% os cámpings, un 44,0% os aloxamentos de turismo rural e un 45,1% as pensións- salvo no caso dos apartamentos turísticos –modalidade que rexistra a porcentaxe máis baixa cun 36,8% de media neste sétimo mes-.
- Os aloxamentos de turismo rural rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	59.064	3,8%	116.555	9,6%	1,97	5,6%	55,18%	2,08
PENSIÓNS	39.603	9,2%	54.159	12,2%	1,37	2,7%	40,24%	1,45
ESTAB. HOTELEIROS	98.667	5,9%	170.714	10,4%	1,73	4,2%	49,35%	1,75
APTOS. TURÍSTICOS	10.878	32,1%	34.612	5,0%	3,18	-20,5%	40,14%	-2,54
TURISMO RURAL	7.439	8,5%	15.800	12,3%	2,12	3,6%	32,63%	5,46
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	18.317	21,4%	50.412	7,2%	2,75	-11,7%	-	-
TOTAL	116.984	8,0%	221.126	9,6%	1,89	1,5%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de xullo preto de 117 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 220 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que presentan unha variación parella en relación ao pasado ano. En particular, increméntase o número de noites un 10% como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, do 8%, nun contexto de suave crecemento da estadía media.
- Neste sentido Lugo sitúase unha vez máis como a provincia de mellor comportamento en termos relativos neste sétimo mes de 2025, mellorando en tres puntos a media do conxunto da comunidade.
- O 77% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 53% nos hoteis e un 24% nas pensións-. O 23% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan claramente os apartamentos turísticos pois absorben o 16% do total –o segmento de turismo rural fica co 7% restante-. Esta distribución cambia levemente en relación á observada nos últimos meses, reforzándose o peso dos apartamentos turísticos aínda que se mantén en esencia o forte peso do segmento hoteleiro.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos observados en todas as tipoloxías de aloxamento. Así sobe o volume de noites no ámbito hoteleiro –un 10% nos hoteis e un 12% nas pensións- así como nos



apartamentos turísticos -un 5%- e no segmento de turismo rural -un 12% neste caso-. Neste sentido Lugo é a provincia con mellor comportamento relativo da demanda nos hoteis e nos cámpings -presenta a taxa de crecemento máis alta de toda Galicia-. Marca, en cambio, a porcentaxe de crecemento máis baixa no ámbito dos apartamentos turísticos.

- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 10% en particular- así como o receptor, o que provén de fóra da comunidade -tamén nun 10% aquel de orixe nacional e nun 11% o internacional-. Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento do mercado nacional, coas subas máis destacadas tanto do interno coma do que provén do resto do Estado.
- As escasas diferenzas de intensidade no crecemento dos diferentes mercados leva a ausencia de cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, manténdose estable o peso dos tres grandes segmentos en relación ao mes de xullo do pasado ano.
- Por cuarta vez consecutiva neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 62% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 19% -segmento que nos primeiros tres meses lideraba o mercado turístico na provincia- ficando o 19% restante para o internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase unha dinámica tamén parella dos dous grandes segmentos de mercado. Así increméntase neste punto o turismo de ámbito nacional -nun 3%- así como o internacional -nun 32% neste caso-.
- A estadía media en Lugo increméntase levemente en relación ao pasado ano -nun 1,5%- para situarse en 1,9 noites. Neste sentido, e por cuarta vez consecutiva agora en 2025, presenta o valor máis baixo de toda Galicia.
- Con 3,2 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. A certa distancia sitúanse as restantes tres modalidades -con 2,1 noites os aloxamentos de turismo rural, case 2,0 noites os hoteis e 1,4 noites as pensións-. As pensións marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de xullo.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao observado do lado da demanda. Así, increméntase no ámbito hoteleiro -en algo máis de dous puntos nos hoteis e en máis dun punto nas pensións-, así como no segmento de turismo rural -en máis de cinco puntos neste caso- e descende, en cambio, nos apartamentos turísticos -en algo máis de dous puntos neste caso-.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste sétimo mes do ano, cun 55,2% de media. Cun valor inferior sitúanse as restantes tres tipoloxías, con arredor dun 40% as pensións e apartamentos turísticos, e cun 32,6% de media os aloxamentos de turismo rural -rexistran a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	27.452	-9,6%	57.655	-4,7%	2,10	5,4%	44,28%	0,38
PENSIÓNS	6.071	26,7%	10.459	10,2%	1,72	-13,1%	20,74%	3,25
ESTAB. HOTELEIROS	33.522	-4,7%	68.114	-2,7%	2,03	2,1%	37,70%	1,27
APTOS. TURÍSTICOS	2.071	98,8%	4.832	70,7%	2,33	-14,1%	34,96%	12,64
TURISMO RURAL	2.950	-16,3%	6.265	-15,7%	2,12	0,7%	25,28%	-1,81
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.021	10,0%	11.097	8,1%	2,21	-1,7%	-	-
TOTAL	38.543	-3,0%	79.211	-1,3%	2,06	1,7%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento negativo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites cae un 1,3% como consecuencia do descenso da cifra de viaxeiros aloxados, do 3,0%, nun contexto de certa mellora da estadía media. Con isto Ourense rexistra o peor comportamento da demanda en toda Galicia -a única con caída en termos interanuais-.
- Con máis de 38 mil viaxeiros aloxados e case 80 mil noites Ourense absorbe o 4,1% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de xullo, cunha porcentaxe inferior á dos últimos cinco meses e similar á observada no verán pasado -cando representaba tamén menos do 5% do total-.
- En Ourense o 86% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 73% nos hoteis e un 13% nas pensións-. O 14% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso similar para os apartamentos turísticos -absorben o 6% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 8% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso dos hoteis e do segmento de turismo rural, a nivel interno.
- O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -practicamente tres de cada catro noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento variable da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido increméntase o volume de noites nas pensións -nun 10%- e, con notable intensidade, nos apartamentos turísticos -nun 71% neste caso- mais descende tanto



nos hoteis -nun 5%- coma nos aloxamentos de turismo rural -nun 16% neste caso-. Con isto dúas modalidades de aloxamento -os hoteis e aloxamentos de turismo rural- rexistran en Ourense o peor comportamento de toda Galicia, por canto rexistran a taxa de descenso máis elevada. No lado contrario, os apartamentos turísticos presentan na provincia o incremento de maior intensidade de toda a comunidade.

- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 86% da demanda- obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase unicamente o turismo interno -residentes en Galicia, en apenas un 2%-, mantense estable o mercado receptor nacional e descende o internacional -nun 25% neste caso-. Con isto Ourense colócase como a provincia de peor comportamento relativo do turismo estranxeiro neste sétimo mes do ano -a única onde descende este segmento de mercado-.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia cambia levemente en relación ao pasado ano, perdendo peso o internacional -en tres puntos porcentuais, para absorber tan só o 10% das noites-, e gañando cuota tanto o interno coma o receptor nacional -ambos en algo máis dun punto-, para representar o 36% e 54% do total da demanda, respectivamente.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Sobe así, e de forma intensa, o turismo de ámbito nacional -en máis dun 60%- e o internacional -dobra os niveis do pasado ano-. O primeiro absorbe o 82% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en 2,1 noites, cifra que se incrementa levemente en relación ao pasado ano. Con este dato Ourense marca a segunda cifra máis alta de toda Galicia -similar á de A Coruña e só por detrás do valor de Pontevedra-.
- Este mes aprécianse pequenas diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Tres modalidades superan as dúas noites de media rexistrando o valor máis elevado os apartamentos turísticos -con 2,3 noites de media-. Os hoteis e aloxamentos de turismo rural fican en 2,1 noites, marcando a cifra máis baixa as pensións -con 1,7 noites de media neste caso-. En termos comparativos unha tipoloxía -os apartamentos turísticos- acadan en Ourense o valor da estadía media máis baixo de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación cambia levemente en relación á observada do lado da demanda. Así mellora nas pensións -en tres puntos porcentuais- e nos apartamentos turísticos -en case trece puntos-, mantense relativamente estable nos hoteis e descende unicamente nos aloxamentos de turismo rural -en case dous puntos porcentuais neste caso-.
- Cun 44,3% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior: do 35,0% os apartamentos turísticos, do 25,3% os aloxamentos de turismo rural, e do 20,7% as pensións.
- Todas as modalidades de aloxamento -con maior diferenza e distancia as pensións- rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	202.421	2,2%	514.852	0,7%	2,54	-1,5%	63,34%	0,94
PENSIÓNS	35.631	21,7%	73.741	17,7%	2,07	-3,3%	46,65%	4,97
ESTAB. HOTELEIROS	238.052	4,8%	588.593	2,5%	2,47	-2,1%	60,61%	1,44
APTOS. TURÍSTICOS	18.520	3,9%	80.197	11,7%	4,33	7,5%	46,97%	2,42
CAMPINGS	56.724	8,3%	258.650	15,0%	4,56	6,1%	52,81%	2,67
TURISMO RURAL	6.319	0,9%	19.682	16,2%	3,11	15,2%	40,70%	9,99
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	81.563	6,7%	358.529	14,3%	4,40	7,1%	-	-
TOTAL	319.615	5,2%	947.122	6,7%	2,96	1,4%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra equivale ao observado en A Coruña e Lugo. Neste sentido increméntase o volume de noites neste sétimo mes do ano -nun 6,7%- como consecuencia dun crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados -do 5,2%- nun contexto de certa mellora da estadía media -sobe un 1,4% interanual-. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por encima dos niveis de 2019.
- O volume global de demanda sitúase en preto de 950 mil noites, o 49% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase por vez primeira neste ano como a provincia de maior peso en Galicia -substituíndo a A Coruña que liderou o mercado turístico na comunidade desde setembro de 2024-. Ambas absorben o 85% do total das noites de Galicia -porcentaxe superior á dos últimos meses-.
- Increméntase a demanda na provincia como consecuencia do comportamento positivo observado en case todas as tipoloxías de aloxamento, con similar intensidade. Así, sobe o número de noites nos apartamentos turísticos -nun 12%-, nos cámpings -nun 15%-, no segmento de turismo rural -nun 16%- e nas pensións -nun 18% neste caso-. Marcan certa excepción os hoteis que neste mes manteñen os niveis de demanda en cifras similares ás do mesmo período do pasado ano.
- En Pontevedra concéntrase o crecemento de maior intensidade das pensións e dos aloxamentos de turismo rural de toda Galicia e, paralelamente, rexistra menor crecemento relativo no segmento dos cámpings en toda a comunidade.




- O 62% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 54%- e ás pensións –co 8% neste caso-. O 38% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso dos cámpings –absorben o 27% do total, sendo a segunda tipoloxía en orde de importancia- fronte aos apartamentos turísticos –co 8,5%- e os aloxamentos de turismo rural –co 2,1% neste caso-.
- Con isto algo máis da metade das noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. Igualmente Pontevedra é a provincia con maior peso dos cámpings e, ao mesmo tempo, menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido descende agora en xullo o turismo receptor nacional, españois residentes fóra de Galicia –nun 3%- e increméntase, en paralelo, o interno –nun 11%- e o internacional –nun 13% neste caso-. Similar comportamento se observa no pasado mes de xuño.
- A diferenza de comportamento e intensidade nas variacións da demanda provoca cambios na estrutura da mesma. Así neste mes cae o peso do mercado receptor nacional –en algo máis de tres puntos-, e increméntase tanto o interno coma o internacional –ambos en máis dun punto porcentual-.
- Con todo, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 59% do total da demanda hoteleira. O mercado interno representa o 22% ficando o 20% restante para o internacional. En consecuencia neste mes, e por vez primeira desde marzo, o mercado estranxeiro fica por debaixo do interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra sitúase por debaixo de A Coruña en peso do turismo internacional dentro da estrutura da demanda, absorbendo o 37% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 83% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é parello. Crece así o turismo de ámbito nacional –nun 11%- así como o internacional –nun 16% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 3,0 noites, cifra superior á media da comunidade e que, en realidade, colócase como a máis alta de todas as provincias. En termos dinámicos a estadía increméntase en relación ao pasado ano –nun 1,4%- mais descende en comparación co 2019 –nun 3% neste caso-.
- Neste contexto a estadía media varía levemente segundo a modalidade de aloxamento. En particular, supera as catro noites nos cámpings e nos apartamentos turísticos –con 4,6 e 4,3 noites de media, respectivamente-, mantense levemente por encima das tres noites nos aloxamentos de turismo rural, en 2,5 noites nos hoteis, e fica en 2,1 noites nas pensións –a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.




- Todas as modalidades de aloxamento presentan en Pontevedra a cifra de estadía media máis alta de toda Galicia. Tal circunstancia acontece por vez primeira neste ano e asóciase ao comportamento da demanda nesta provincia no período estival.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo e parello ao rexistrado do lado da demanda. Así, sobe e mellora as cifras do pasado ano en todas as tipoloxías agás nos hoteis -onde se mantén relativamente estable-. Os incrementos superan os dous puntos porcentuais nos apartamentos turísticos e nos cámpings, achégase aos cinco puntos nas pensións e aos dez puntos nos aloxamentos de turismo rural.
- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 63,3% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente no segmento de turismo rural -co 40,7% neste caso-.
- En termos comparativos obsérvase que todas as modalidades de aloxamento agás os establecementos de turismo rural presentan en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis alta de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites xullo 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites xullo 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites xullo 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Xullo 2025

